

7.2.3 Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP

A elaboración das estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) debe supor unha oportunidade para promover un desenvolvemento sostible que permita converter os concellos que compoñen o GALP Ría de Vigo-A Guarda, tal como se reflicte na visión da EDLP, nuns territorios competitivos, máis dixitais e sostibles, tanto dende o punto ambiental, como social e como económico.

Os criterios de selección permitirán avaliar a calidade dos proxectos de xeito que contribúan á consecución dos obxectivos da estratexia e resultados esperados.

Partindo das anteriores premisas, preséntanse a continuación os criterios de selección de operación para a aplicación da EDLP, baseados nos principios de non discriminación e transparencia, evitando os conflitos de intereses, de forma que ningún grupo controle a toma de decisión na selección. Os criterios son obxectivos, verificables e cuantificables, e serán promovidos e difundidos asegurando a súa publicidade.

Estes criterios forman parte da base do consenso arredor EDLP que se vai desenvolver no territorio. Teñen en conta os principios horizontais e os eixos de cambio: a dixitalización, a transición ecolóxica e a sostibilidade.

A continuación establécese o baremo de puntuación de cada criterio e subcriterio en función da importancia que para o GALP7 teñan estes, baseándose nos seguintes principios:

- É necesaria a **obtención mínima de 40 puntos**, por debaixo da cal o proxecto non será subvencionado.
- A puntuación na que se alcanzará a **máxima intensidade de axuda será a partir dos 70 puntos**.
- **As variables de igualdade de xénero e filtro**. Isto implica que se os proxectos non obteñen unha puntuación mínima, os proxectos non poderán ser subvencionados, aínda que consigan unha puntuación merecedora de subvención por outros criterios de valoración.
- A Xunta Directiva do presente GALP poderá variar a baremación en función do establecido pola Orde de axudas e en función da potenciación das distintas liñas de actuación.

As bandas de puntuación-subvención planificadas son as seguintes :

Puntuación e intensidade da axuda

→ Proxectos en xeral

Puntuación	Intensidade da axuda
<40 puntos	0%
Puntuación mínima:	40%

De 41 a 69 puntos	cálculo proporcional
Puntuación na que se acada a máxima intensidade da axuda: = ou >70	50%

→ **Proxectos vinculados á pesca costeira artesanal, ou de interese colectivo ou beneficiario colectivo.**

Se a operación está vinculada á **pesca costeira artesanal, ou é de interese colectivo ou beneficiario colectivo**, a axuda incrementarase nun 50 %, resultando a seguinte táboa:

Puntuación	Intensidade da axuda
<40 puntos	0%
Puntuación mínima: 40 puntos	90 %
De 41 a 69 puntos	cálculo proporcional
Puntuación na que se acada a máxima intensidade da axuda: = ou >70	100 %

→ **Proxectos levados cabo por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector pesqueiro non vinculados á pesca artesanal.**

Se a operación se leva a cabo por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector pesqueiro, a axuda incrementarase nun 10 %, resultando a seguinte táboa:

Puntuación	Intensidade da axuda
<40 puntos	0%
Puntuación mínima: 40 puntos	50 %
De 41 a 69 puntos	cálculo proporcional
Puntuación na que se acada a máxima intensidade da axuda: = ou >70	60 %

Neste caso non se trata de proxectos vinculados coa pesca artesanal, este o principal criterio de diferenciación cos proxectos do apartado anterior. As intensidades planificadas axústanse ao establecido no artigo 6. Regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo, da Orde do 10 de maio de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo. Os proxectos que non estean promovidos polo sector pesqueiro terán un importe máximo de axuda de 200 000 € por beneficiario (ou conxunto de beneficiarios) e convocatoria.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á cal se lle asigna a porcentaxe de axuda máxima, calcúlase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo.

Puntuación	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos en xeral	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos de pesca costeira artesanal ou de interese colectivo ou beneficiario colectivo	Intensidade de axuda, segundo puntuación, para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector
<40 puntos	0	0	0
40	40,00%	90,00%	50,00%
41	40,33%	90,33%	50,33%
42	40,67%	90,67%	50,67%
43	41,00%	91,00%	51,00%
44	41,33%	91,33%	51,33%
45	41,67%	91,67%	51,67%
46	42,00%	92,00%	52,00%
47	42,33%	92,33%	52,33%
48	42,67%	92,67%	52,67%
49	43,00%	93,00%	53,00%
50	43,33%	93,33%	53,33%
51	43,67%	93,67%	53,67%
52	44,00%	94,00%	54,00%
53	44,33%	94,33%	54,33%
54	44,67%	94,67%	54,67%
55	45,00%	95,00%	55,00%
56	45,33%	95,33%	55,33%
57	45,67%	95,67%	55,67%
58	46,00%	96,00%	56,00%
59	46,33%	96,33%	56,33%
60	46,67%	96,67%	56,67%
61	47,00%	97,00%	57,00%
62	47,33%	97,33%	57,33%
63	47,67%	97,67%	57,67%
64	48,00%	98,00%	58,00%
65	48,33%	98,33%	58,33%
66	48,67%	98,67%	58,67%
67	49,00%	99,00%	59,00%
68	49,33%	99,33%	59,33%
69	49,67%	99,67%	59,67%
70	50%	100,00%	60,00%
71	50%	100,00%	60,00%
72	50%	100,00%	60,00%
73	50%	100,00%	60,00%
74	50%	100,00%	60,00%
75	50%	100,00%	60,00%
76	50%	100,00%	60,00%
77	50%	100,00%	60,00%
78	50%	100,00%	60,00%
79	50%	100,00%	60,00%

Puntuación	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos en xeral	Intensidade da axuda, segundo puntuación, para proxectos de pesca costeira artesanal ou de interese colectivo ou beneficiario colectivo	Intensidade de axuda, segundo puntuación, para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector
80	50%	100,00%	60,00%
81	50%	100,00%	60,00%
82	50%	100,00%	60,00%
83	50%	100,00%	60,00%
84	50%	100,00%	60,00%
85	50%	100,00%	60,00%
86	50%	100,00%	60,00%
87	50%	100,00%	60,00%
88	50%	100,00%	60,00%
89	50%	100,00%	60,00%
90	50%	100,00%	60,00%
91	50%	100,00%	60,00%
92	50%	100,00%	60,00%
93	50%	100,00%	60,00%
94	50%	100,00%	60,00%
95	50%	100,00%	60,00%
96	50%	100,00%	60,00%
97	50%	100,00%	60,00%
98	50%	100,00%	60,00%
99	50%	100,00%	60,00%
100	50%	100,00%	60,00%

Criterios para a avaliación e selección de proxectos:

Os criterios definidos no presente documento permitiránlle á Xunta Directiva avaliar e seleccionar os proxectos presentados dun xeito obxectivo, respectando así a libre concorrência obrigada ao abeiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Criterios de baremación

A continuación detállanse os distintos criterios de baremación sobre unha puntuación **máxima global de 100 puntos**.

Criterios	Puntos
Tipoloxía do proxecto	30
Transformación dixital	10
Transformación ecolóxica	10
Sostibilidade	15
Igualdade de oportunidades	15
Creación e mantemento do emprego	20
TOTAL	100

→ Criterio 1: tipoloxía de proxecto

O criterio de tipoloxía de proxecto valora este segundo a clasificación do promotor e a catalogación como innovador.

A Orde do 10 de maio de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo, establece na súa exposición de motivos que as estratexias terán un enfoque importante no sector pesqueiro, o que se traduce nun orzamento significativo do plan financeiro da estratexia destinado ao desenvolvemento deste sector (debe destinarse polo menos o 50 % do orzamento da EDLP), sen prexuízo de que tamén se dirixan á diversificación das comunidades locais. Nesta liña, a EDLP valórase tendo en conta como un dos principais criterios o grao de apoio ao sector pesqueiro, reflectido no plan financeiro (artigo 15. 2 c) punto 6º).

Criterios	Puntos
Pertenza ao sector da pesca ou sexa familiar directo de primeiro grado de consanguinidade.	10
Tipo de entidade promotora	15
Innovación	5
TOTAL	30

- Subcriterio: pertenza ao sector da pesca**

Puntuación	Pertenza ao sector da pesca (*)
0	Non pertence
10	Si pertence
10	Puntuación máxima

(*) Establécese que un proxecto pertence ao sector da pesca cando cumpre un dos seguintes criterios:

Prové produtos e/ou servizos para exercer a captura/ produción, procesado, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.

Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e/ou do medio mariño

Capacita operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante a formación, sempre e cando o contido abranga calquera das actividades descritas no punto 1.

Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras, sempre que o beneficiario sexa unha entidade do sector pesqueiro ou unha entidade pública coa participación ou en colaboración cunha entidade do sector pesqueiro

É promovido por un operador do sector, agás os proxectos orientados á diversificación cara a actividades económicas fóra do sector pesqueiro. A pesca-turismo considérase como parte da actividade pesqueira e o turismo mariño no marisqueo como parte da actividade marisqueira.

Beneficia de xeito directo o conxunto do sector pesqueiro e da acuicultura da zona pesqueira (posta en valor do patrimonio cultural e ambiental pesqueiro etc.)

A verificación de cada punto da definición anterior levarase a cabo con distinto alcance tendo en conta os seguintes criterios:

Para a definición do punto 1, verificarase:

Actividade detallada na memoria dos proxectos

Inclusión no cuestionario da memoria dos proxectos da descrición concreta dos produtos ou servizos, seleccionado algunha das seguintes opcións: a) captura/produción b) transformación c) comercialización

Para a definición do punto 2, verificarase:

Análise da memoria dos proxectos

Inclusión na memoria da seguinte cuestión: Sección X. Descrición do proxecto ou programa de actividades que se vai desenvolver. Actividades do proxecto.

Inclusión na memoria da seguinte cuestión: indique se o proxecto proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e do medio mariño. Se a resposta é si, especifique que tipo de apoio: a) tecnolóxico b) procesos c) organización

Para a definición do punto 3, verificarase:

A memoria do programa provisional de formación

O beneficiario facilitará o programa ao longo do proceso de verificación

Para a definición do punto 4, verificarase:

Memoria dos proxectos

Para os proxectos promovidos por entidades públicas, detallarase a descrición das actividades de colaboración co sector pesqueiro

Para a definición do punto 5, verificarase:

O perfil da persoa promotora

Para a definición do punto 6, verificarase:

Persoas beneficiarias dos proxectos

- **Subcriterio: tipo de entidade promotora**

Puntuación	Tipo de entidade promotora
0	Unha única entidade beneficiaria do proxecto
5	Colaboración con outras entidades para o desenvolvemento do proxecto. *Debe acreditarse evidencia das actuacións realizadas no marco da colaboración realizada
10	Colaboración con universidades ou centros tecnolóxicos para o desenvolvemento do proxecto. *Debe acreditarse evidencia das actuacións realizadas no marco da colaboración realizada
15	Dúas ou máis entidades son beneficiarias do proxecto
15	Puntuación máxima

- **Subcriterio: innovación**

Valorarase que non exista ningún proxecto de semellantes características a nivel local ou no territorio de actuación, ou ben que existindo se adopte un enfoque totalmente innovador. Valorarase a colaboración no proxecto de entidades de I+D+i como universidades e o ecosistema e empresas de I+D+i.

Puntuación	Innovación
0	O proxecto non é innovador a nivel local
5	O proxecto é innovador a nivel local (*) dende o punto de vista do mercado/s ao que se dirixe, a creación de novos produtos ou servizos, a posta en marcha de novos métodos de traballo, incluído a innovación socia, e intervencións que necesita a comunidade local para lograr os cambios que quere acadar
5	Puntuación máxima

(*) Definición da innovación local axustándose o establecido na Orde do 10 de maio de 2022, artigo 5. Pto4. d). **“Entendese por innovación no contexto local a introdución de novas ideas na zona (novos mercados, produtos, servizos, métodos de traballo, incluída a innovación social)”**.

→ **Criterio 2: Transformación dixital**

O criterio de transformación dixital pretende valorar os proxectos que incidan ou afecten positivamente na xeneralización e uso intensivo das novas tecnoloxías e a inclusión na sociedade da información. Por outra banda, non soamente se vai valorar o uso de novas tecnoloxías, senón tamén a singularidade do proxecto e a contribución á eficiencia enerxética, redución da pegada de carbono etc.

Puntuación	Transformación dixital
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC na cadea de valor da pesca ou na posta en valor dos produtos do mar do territorio GALP Ría de Vigo-A Guarda
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC para incrementar a rastrexabilidade (identificación da orixe de produtos e provedores locais deste ou doutros sectores) dos recursos do territorio GALP Ría de Vigo-A Guarda
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC para mellorar a súa eficiencia enerxética
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC para reducir o consumo de materias primas e materiais
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC para reducir a pegada de carbono
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC en servizos de natureza social ou intervencións que necesita a comunidade local para lograr os cambios que quere acadar
2*	O proxecto incorpora o uso das TIC para a mellora da súa competitividade en aspectos non recollidos nos criterios anteriores. (*) Será necesario xustificar axeitadamente
2*	O proxecto realiza accións de sensibilización e/ou formación sobre o uso das TIC
10	Puntuación máxima

(*) Outorgaranse 2 puntos por cada recurso ou ferramenta tecnolóxica empregada, recollida nos criterios de valoración deste apartado

→ Criterio 3: transformación ecolóxica

O presente criterio pretende valorar os proxectos e actuacións que contribúan á redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e o desenvolvemento de medidas de adaptación ao cambio climático.

Criterios	Puntos
Adaptación ao cambio climático	5
Transición enerxética	5
TOTAL	10

- **Subcriterio: Adaptación ao cambio climático**

Neste criterio valorarase que os proxectos ou accións inclúan medidas para reducir os riscos, limitar os impactos ou reducir as vulnerabilidades fronte ao cambio do clima dos sistemas humanos e naturais. Perséguese facilitar a transición dos sectores do territorio aos efectos do cambio climático.

Puntuación	Adaptación ao cambio climático
1*	O proxecto incorpora medidas para mitigar a vulnerabilidade do territorio fronte ao cambio climático en aspectos non vinculados á eficiencia enerxética e a economía circular. Exemplos: fomento da mobilidade sostible, a promoción da sostibilidade alimentaria, o consumo responsable, a redución de emisións de CO ₂ á atmosfera, a construción de edificacións e infraestruturas máis sostibles...
1*	O proxecto incorpora medidas para mitigar e minimizar os imprevistos derivados do cambio climático non vinculados á eficiencia enerxética. Exemplos: construír edificacións e infraestruturas máis seguras, desenvolver solucións innovadoras para a prevención e xestión de catástrofes naturais, recuperar e restaurar ecosistemas danados, diversificar, desenvolver protocolos de actuación para situacións de emerxencia climática, diversificar os cultivos do marisqueo e a pesca doutras especies para que se adapten mellor a climas máis cambiantes...
1*	O proxecto promove un impacto medioambiental neutro ou positivo (benefician o medio)
1*	O proxecto colabora con outras entidades co obxecto de mellorar a súa adaptación ao cambio climático en aspectos non vinculados á eficiencia enerxética
1*	O proxecto realiza accións de sensibilización e/ou formación sobre a importancia de adaptación de medidas que axuden a adaptarse e/ou mitigar os efectos do cambio climático
3	A entidade conta cun certificado de redución de emisións
5	Puntuación máxima

(*) Outorgaranse 1 punto por cada medida que se vai implantar, recollida nalgún dos criterios de valoración deste apartado, que contribúa á mitigación e adaptación ao cambio climático do territorio.

- **Subcriterio: Transición enerxética**

Valorarase que os proxectos inclúan a utilización de enerxías renovables ou un conxunto de actuacións ou cambios nos modelos de produción, distribución e consumo da enerxía para evitar as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Puntuación	Transición enerxética
1*	O proxecto utiliza fontes de enerxías renovables
1*	O proxecto contribúe a reducir as emisións de carbono
1*	O proxecto é eficiente dende o punto de vista enerxético
1*	O proxecto é autosuficiente dende o punto de vista enerxético
1*	O proxecto contribúe a sensibilizar e/ou formar sobre a importancia dunha cultura de aforro enerxético
3	A entidade conta cun certificado de eficiencia enerxética
5	Puntuación máxima

() Outorgaranse 1 punto por cada medida a implantar, recollida nos criterios de valoración deste apartado, que contribúa á transformación enerxética do territorio.*

→ Criterio 4: Sostibilidade

O criterio de sostibilidade valora que os proxectos que impliquen a mellora da competitividade do territorio, cunha estrutura económica máis variada da produción, a posta en valor do patrimonio e sentar as bases para un crecemento sostido, en base a conservación do medio mariño e o desenvolvemento da economía circular.

Criterios	Puntos
Conservación dos recursos e do medio	5
Economía circular	5
Carácter dinamizador do territorio	5
TOTAL	15

- **Subcriterio: Conservación dos recursos e do medio**

O criterio de conservación dos recursos e do medio valora que os proxectos inclúan medias medioambientais ou dalgunha maneira, directa ou indirectamente, mediante a utilización de recursos sostibles, así como as actuacións de concienciación sobre a necesidade da súa conservación. Valorarase que os proxectos inclúan distintas medidas para minimizar ou impedir o dano que as actividades de índole pesqueira, acuícola, industrial, agrícola, urbana, comercial ou doutro tipo poidan ocasionarlles aos ecosistemas naturais.

Puntuación	Conservación dos recursos e do medio
1	A actividade produtiva do proxecto depende parcialmente dunha explotación sostible de recursos endóxeos dos concellos pertencentes o GALP Ría de Vigo-A Guarda (transformación ou comercialización de producións autóctonas ou combinación co produtos doutros territorios).
2	A actividade produtiva do proxecto depende directamente dunha explotación sostible dos recursos endóxeos (materias primas, man de obra, provedores locais) do territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda (aproveitamento do mar, da paisaxe, transformación ou comercialización de producións autóctonas)
1*	O proxecto incorpora medidas para conservar o medio e os recursos do territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda. En xeral, consistirán en apoiar a protección da biodiversidade do territorio, avanzar na gobernanza efectiva e na xestión dos recursos, apoiar as medidas de conservación incluídas nos plans de xestión marisqueira e das algas e contribuír ao deseño de solucións baseadas na natureza.
1*	O proxecto incorpora accións de concienciación social e/ou formación para a conservación do medio e os recursos do territorio.
2	A entidade conta cun certificado de xestión ambiental.
5	Puntuación máxima

(*) Outorgarase 1 punto por cada medida que se implante, recollida dalgún dos criterios de valoración deste apartado, que contribúa a conservar e sensibilizar sobre o medio natural e os recursos do territorio.

- **Subcriterio: Economía circular**

O criterio de economía circular valora que os proxectos inclúan modelos de produción que impliquen compartir, alugar, reutilizar, reparar, renovar e reciclar materiais e produtos existentes todas as veces que sexa posible para crear un valor engadido.

() Outorgarase 1 punto por cada medida que se implante, recollida dalgún dos criterios de valoración deste apartado, que contribúa á promoción da economía circular no territorio*

Puntuación	Economía circular
1*	O proxecto contribúe á redución e reutilización dos residuos xerados no territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda.
1*	O proxecto crea novos produtos a partir de reutilizar, reparar ou reciclar materiais producidos no territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda.
1*	O proxecto aproveita os subprodutos e residuos da pesca e da acuicultura para darlles unha nova vida.
1*	O proxecto contribúe a reducir a contaminación mariña a través de iniciativas baseadas na economía circular.
1*	O proxecto depende total ou parcialmente de materias primas e/ou produtos provenientes da economía circular.
1*	O proxecto realiza accións de sensibilización e/ou formación sobre a importancia da cultura de conservación do medio e dos recursos a través do consumo responsable.
5	Puntuación máxima

- **Subcriterio: Carácter dinamizador do territorio**

Puntuación	Carácter dinamizador do territorio
1*	O proxecto contribúe a recuperar e/ou pór en valor o patrimonio histórico, cultural e medioambiental do territorio GALP Ría de Vigo-A Guarda.
1*	O proxecto contribúe a pór en valor os produtos locais de baixo valor engadido, especies infravaloradas comercialmente...
1*	O proxecto xera valor engadido a través de produtos do mar.
1*	O proxecto contribúe á desestacionalización da actividade económica do territorio GALP Ría de Vigo-A Guarda.
1*	O proxecto contribúe á posta en marcha de novas canles de comercialización dos produtos do territorio GALP Ría de Vigo-A Guarda.
1*	O proxecto realiza accións de sensibilización e/ou formación que contribúan á mellora da competitividade empresarial e/ou a posta en valor dos recursos do territorio.
5	Puntuación máxima

() Outorgarase 1 punto por cada medida que se implante, recollida dalgún dos criterios de valoración deste apartado, que contribúa ao carácter dinamizador do territorio.*

→ Criterio 5: igualdade de oportunidades

O criterio de igualdade de oportunidades valora que os proxectos inclúan, ademais do aspecto transversal da igualdade de xénero, medidas específicas de participación da muller nos órganos de xestión e medidas de accesibilidade universal. O subcriterio de perspectiva de xénero é excluínte.

Criterios	Puntos
Perfís dos órganos de xestión e accesibilidade universal	5
Perspectiva de xénero	10
TOTAL	15

- **Subcriterio: Perfís dos órganos de xestión e accesibilidade universal**

Puntuación	Perfís dos órganos de xestión e accesibilidade universal
0	Non inclusión de colectivos desfavorecidos (1) nos órganos de xestión ou goberno da empresa/entidade
3	Inclusión de mulleres, persoas mozas menores de 30 anos, persoas con discapacidade (2) nos órganos de xestión ou de goberno da empresa/entidade
2	Proxectos que dentro das súas actuacións, ben sexan arquitectónicas, urbanísticas, de TIC, electrónicas ou de comunicación, sexan compresibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de comodidade, de forma autónoma e segura.
5	Puntuación máxima

(1) A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, establece que para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.

a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.

b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adición que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.

c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.

d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.

e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.

f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.

h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal.

i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.

j) Pertencer a unha minoría étnica.

k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.

l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

- (2) O Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece, no artigo 4, que as persoas con discapacidade son as que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais. Ademais do establecido no punto anterior, e para todos os efectos, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se lles recoñece un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

- **Subcriterio: Perspectiva de xénero (criterio excluínste: mínimo 5 puntos)**

Puntuación	Perspectiva de xénero
1	Téñense en conta as diferenzas de partida entre mulleres e homes á hora de elaborar o proxecto (diagnóstico).
1	Foméntase a presenza de mulleres en actividades consideradas tradicionalmente como masculinas.
1	Se existen diferenzas de partida entre homes e mulleres, establécense accións positivas.
1	Foméntase a presenza de homes en actividades tradicionalmente consideradas femininas.
1	No proxecto desagreganse os datos tendo en conta a variable sexo.
1	Os proxectos que impliquen a contratación e/ou mantemento do emprego de persoas traballadoras establecen unha porcentaxe de contratación e/ou mantemento de mulleres (non inferior ao 40 %).
1	Na elaboración dos proxectos e memorias utilízanse termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista.
1	Na avaliación proposta no proxecto intégranse indicadores de xénero.
1	Todos os materias, imaxes e documentación evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller e deberán fomentar valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes
1	A entidade promotora estableceu medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias ou beneficiarias e/ou das persoas contratadas para prestar a actividade obxecto da subvención.
10	Puntuación máxima

→ Criterio 6: Creación e mantemento do emprego

Este criterio valora a creación de postos de traballo se a creación se produce a través de contratación por conta propia, contratacións por conta allea estables ou se xustifica o mantemento de emprego. Ademais, perséguese a ocupación no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Valorarase a contratación de distintos colectivos, fomentarse a incorporación da mocidade ao mercado laboral e as persoas menores de 30 anos, as maiores de 45 anos ou as paradas de longa duración, entre outras. Tamén se considera a xeración de emprego por unidade de investimento e valorarase con maior puntuación os proxectos con maior coeficiente de emprego por cada 50 000 euros de investimento subvencionable.

Puntuación	Creación e mantemento do emprego
3 (*)	(*) Outorgaranse 3 puntos por cada posto de traballo creado e/ou mantido en xeral, por conta propia ou por conta allea de carácter indefinido (1 UTA) do proxecto obxecto da axuda.
5 (**)	(**) A contía por posto de traballo creado e/ou mantido, definida no apartado anterior, poderá incrementarse en dous puntos adicionais (total 5 puntos por emprego creado/mantido) cando pertenza a algún dos seguintes colectivos: - Persoas que acrediten ter traballado no sector da pesca - Muller - Persoas menores de 30 anos - Persoas maiores de 45 anos - Persoas desempregadas de longa duración (>12 meses) - Persoas con discapacidade (>33%) - Persoas desempregadas que se atopen en risco de exclusión social (acreditadas polo servizo social municipal)
2	1 UTA por 50 000 € de axuda solicitada
4	2 UTA por 50 000 € de axuda solicitada
5	3 UTA ou máis por 50 000 € de axuda solicitada
20	Puntuación máxima

(*) O cálculo da puntuación dos proxectos a tempo parcial ou fixos descontinuos realizarase en proporción ao número de UTA creadas/mantidas.

No caso de mantemento do emprego deberá xustificarse segundo o recolleito na guía FAMENET Support Unit. CT5.1 Final. Abril 2022. Working paper. EMFAF MEF. 2021-2027 o mantemento do emprego inclúe só os postos de traballo que se perderon sen a posta en marcha do proxecto para a que se solicita a axuda.

O número de empregos basearase no número de empregos medios do último ano, calculados por UTA. O cálculo sería o seguinte:

- Traballo a tempo completo – 1 UTA
- Traballo a tempo parcial (media xornada) – 0.5 UTA
- Traballo estacional ou irregular – 0.3 UTA.

No caso dos pescadores /as individuais, o valor baséase na súa propia avaliación se non se dispón de rexistros da empresa, os/as pescadores/as deben estimar se o emprego mantido é a tempo completo ou a tempo parcial. No caso do resto de empresas, os postos de traballo mantidos deben basearse nos rexistros da empresa. Contabilizarase como número de emprego medio rexistrado so aqueles empregos que sexan permanentes ou no caso dos empregos estacionais que sexan recorrentes.

→ Criterio de desempate

Para os casos en que a aplicación do baremo de lugar supón un empate entre proxectos, propónse a seguinte orde de preferencia e as seguintes regras de actuación:

- 1º En primeiro lugar, os proxectos de pesca costeira artesanal.
- 2º En segundo lugar, os proxectos de interese colectivo.
- 3º En terceiro lugar, os proxectos de beneficiario colectivo.
- 4º En cuarto lugar, os proxectos de organizacións pesqueiras con proxectos non vinculados á pesca artesanal
- 5º Por último, o resto de proxectos.

En caso de seguir existindo empate priorizaranse os proxectos que máis contribúan á consecución dos obxectivos da estratexia e, de manterse o empate, os que máis contribúan aos indicadores de resultados da EDLP pola seguinte orde: creación de emprego de mulleres vítimas violencia de xénero, creación de emprego, negocios creados (alta CNAE), emprego mantido, n.º de proxectos promovidos por mulleres ou xente nova (**menores de 35 anos**), n.º de proxectos de diversificación das actividades económicas na zona, n.º de mulleres que participaron en actividades de formación e resto de indicadores da ELDP.

CRITERIOS SE SELECCIÓN PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN

CRITERIOS		VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
1.CALIDADE DA PROPOSTA		0	20 PUNTOS
1.1 Abordan necesidades identificadas nas estratexias		0	5 puntos
1.2 Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos	OE 1	0	1 punto
	OE 2	0	1 punto
	OE 3	0	1 punto
	OE 4	0	1 punto
	OE 5	0	1 punto
1.3 Coherencia entre orzamento e as actividades		0	5 puntos
1.4 Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto		0	5 puntos
2. NUMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES		0	30 PUNTOS
2.1 Número de GALP participantes de Galicia	8	0	30 puntos
	7	0	20 puntos
	6	0	15 puntos
	5	0	10 puntos
	4	0	5 puntos
	3	0	2 puntos
	2	0	1 punto

2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas)	3 ou máis	0	15 puntos
	2 a 3	0	7 puntos
	1	0	2 puntos
2.3 Colaboración con outras entidades de interese	3 ou máis	0	10 puntos
	2 a 3	0	5 puntos
	1	0	1 punto
3 IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS		0	20 PUNTOS
3.1 Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional	Mulleres	0	5
	Mocidade (ata 40 anos)	0	5
	Inclusión social	0	5
	Diversidade funcional	0	5
4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO		0	30 PUNTOS
4.1. Transformación dixital		0	6 puntos
4.2 Transformación ecolóxica: transición enerxética		0	6 puntos
4.3 Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático		0	6 puntos
4.4. Sostibilidade: economía circular		0	6 puntos
4.5 Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul		0	6 puntos

Puntuación mínima: 30 puntos.

Desempate: segundo os criterios de selección pola orde establecida

7.2.4 Procedemento de selección

Ausencia de conflito de interese na toma de decisións

O GALP, de ampla base democrática, rexerase polo sistema de autogoberno e polo principio de representación, a través dos órganos de consulta e de goberno seguintes:

O GALP Ría de Vigo-A Guarda réxese polo principio de portas abertas, polo que se garante que, ao longo de todo o período de execución da estratexia, todas as entidades con implantación local que, reunindo todos os requisitos exixidos para adquirir a condición de asociados, soliciten a súa incorporación.

Na toma de decisións, as persoas representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garántese que se evitará calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse

polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. Para estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI.

1. Mesas sectoriais, órganos de consulta que serán a base de participación e difusión da información para as entidades que operen no territorio
2. Asemblea Xeral, órgano supremo de goberno
3. Xunta Directiva, órgano de goberno

Nas reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirase, con carácter ordinario, seis veces ao ano e, extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos a tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia destes, agás por causa xustificada.

As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día, as ordinarias cunha antelación de 78 horas, e as extraordinarias cunha antelación de 24 horas polo procedemento máis axeitado.

Poderán asistir as sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garántese que se evitará calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. Para estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI.

Procedemento na selección de proxectos de cooperación

- 1) Xunta Directiva: órgano de goberno que decide que se realice un proxecto de cooperación.
- 2) Xerente: elabora o proxecto, busca socios, completa a documentación necesaria establecida na orde de bases.
- 3) Xunta directiva do grupo coordinador¹: acorda a presentación do proxecto de cooperación ante a Consellería do Mar.
Xunta directiva do grupo socio: acorda a presentación do proxecto e designa ao grupo coordinador.
- 4) Consellería do Mar :a Consellería do Mar realizará un control administrativo da solicitude.
O órgano encargado da ordenación e instrución do procedemento será un servizo do OIG, que realizará de oficio, cantas actuacións coide necesarias para a

¹ O GALP coordinador é o interlocutor coa consellería para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participantes do proxecto.

determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos das bases reguladoras efectuará requirimento de emenda, coa indicación de que, se non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

O órgano instructor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, incluída a elixibilidade, que trasladará ao Comité de selección a través do GALP coordinador.

5) Comité de selección:

- a) Formado polos representantes designados polos 8 GALP (1 persoa/grupo) que non participaron na decisión de elaborar un proxecto, na elaboración do mesmo nin na decisión do grupo de presentar a axuda. Designarase unha persoa titular e un suplente. A súa composición será:
 - i) Técnicos/as dos grupos (non participaron na elaboración do proxecto) no caso de que formen parte do equipo técnico.
 - ii) Membros cualificados da asemblea que non sexan membros da Xunta Directiva (non participaron na toma de decisión do acordo de realización e presentación do proxecto).
 - iii) Designaranse suplentes entre os membros da Asemblea que non formen parte da Xunta Directiva.
 - iv) Pódense designar asesores: persoal experto con voz e sen voto.
- b) Designación dun presidente/a e secretario/a entre os membros do comité.
- c) O Comité avalía e aplica os criterios de selección establecidos. Os criterios son únicos e estarán recollidos nas estratexias dos grupos.
- d) O Presidente/a do Comité fórmula proposta de resolución ao órgano concedente que indicará de forma individualizada os beneficiarios, os proxectos seleccionados, as accións para as que se propón subvención, así como o importe para cada unha delas.
- e) Os expedientes que non cumpran coas esixencias das bases ou a normativa de aplicación, de acordo co informe do servizo instructor da Consellería do Mar, quedarán a disposición do Comité que formulará proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.

6) Consellería do Mar: Aproba os proxectos de cooperación.